

RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DIRECTA DE ADQUIRENTES EN 2ª OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS

| |
|---|
| EXPEDIENTE: <u>LU01503:14</u> |
| SITUACIÓN: <u>RUA CANEIRO, 5-7 - SARRIA</u> |

Por resolución da xefatura territorial de Infraestruturas e Vivenda de Lugo de data 11 de xullo de 2017 iniciouse o proceso de selección de adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ó expediente LU01503:14, ó abeiro do disposto no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade de Galicia.

Co obxecto de seleccionar adquirentes para dita vivenda, esta foi ofertada a través da páxina web do IGVS ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

Tendo en conta que no prazo citado no parágrafo anterior unicamente presentou solicitude de inclusión no procedemento de selección de adquirentes don/a JAIME MENDEZ LAGO (nº de credencial 80001), unha vez comprobado o cumprimento por parte do interesado dos requisitos esixidos para ser designado adquirente, facendo uso das súas competencias, o xefe territorial en Lugo

ACORDA:

1. Non realizar o sorteo.
2. Declarar directamente adquirente a don/a JAIME MENDEZ LAGO (nº credencial 80001)

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Infraestruturas e Vivenda no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao desta notificación, segundo o establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lugo, 08 de agosto de 2017.

O xefe territorial da Consellería de Infraestruturas e Vivenda
Javier Arias Fouz